

**Orde do día:**

Actas

Informe das Comisións

Festivo recuperable

**Varios:**

-

ooooooooooooOoooooooooooo

**Actas:**

Apróbanse as actas 30 e 31, habendo propostas de modificacións para a 32 acórdase ver na próxima permanente.

**Informe das Comisións:**

Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Infórmase dos temas tratados na última xunta : Espazos entre regretas tema no que Comité Central propón que se busquen solucións locais e a Área di que mentres non modifiquen a instrución técnica seguirán facendo como ata agora. De seguire as cousas así o Comité SSL solicitará paralizar a actividade.

Bobinas no almacén de Pocomaco / Obturación de ocos/ Reclamación polo curso de Recurso Preventivo / Ar acondicionado en Hércules.

Comisión de Xestión

Non houbo xunta desde o Pleno anterior. A próxima será o 1 de Febreiro cos seguintes puntos:

- Acoplamentos, traslados e convocatorias.
- Problemas xerados en Profesionais.
- Festivo recuperable.

Tamén se solicitará que se inclúa información sobre a formación.

**Festivo recuperable:**

Tendo en conta que os traballadores deben acordar co seu mando a maneira de compensar as prolongacións de xornada, tamén as libranzas por gardas, horas ... e incluso que nalgún departamento se permite a compensación de libranzas por horas; trasladaráselle á empresa que a posición do Comité é que cada traballador acorde co seu xefe ou departamento a maneira de compensar o festivo recuperable.

**Varios:**

-

ooooooO00000Ooooooo